

EDUCACION E CONTRAVALORES

Lamentablemente, cada vez con máis frecuencia, recibimos noticias relativas a conflitos, ameazas, agresións, abusos... que teñen lugar nos centros educativos ou nas súas inmediacións, algunha moi recente, e con resultado de morte, dun mozo en Barcelona, ás portas do seu instituto. Novas destas características tendiamos a emprazalas noutras áreas, particularmente nos EE.UU., e como consecuencia da facilidade con que os norteamericanos acceden ó mercado, practicamente libre, das armas, fenómeno moi enraizado na súa cultura, tal e como **Michael Moore** ten denunciado no libro “*Estúpidos hombres blancos*” e no seu oscarizado documental, tan recomendable, “*Bowling for Columbine*”.

Neste filme entrevista a **Barry Glassner**, autor dun libro, aínda non traducido ó castelán, titulado “*The culture of fear*”, a cultura do medo, no que resalta o sobrealimentado tratamento que os medios de comunicación estadounidenses deron e dan ó clima de inseguridade e de pánico logo dos terribles atentados do 11 de Setembro de 2001, mesmo sabendo, en rigor, que os casos de violencia nas grandes cidades norteamericanas teñen descendido sensiblemente. Para **Glassner**, esta maneira de sobredimensionar os espazos e os tempos dos telexornais ós sucesos, á crónica de catástrofes, accidentes, tribunais... que veñen aumentando de forma crecente nas nosas televisións, especialmente nalgunhas, non sería casual, senón que estaría en directa relación cos grandes intereses económicos e políticos, beneficiarios desa atmosfera, dese clima de inseguridade xeral porque, como sabemos, o medo paraliza, fomenta a pasividade e mesmo anula ou restrinxen a nosa liberdade.

Os grandes beneficiarios deste ambiente de incerteza e de medo, moi arraigado en sociedades envellecidas por outra parte, serían non só os mercadores da morte, os compradores e vendedores de armas, senón tamén as empresas de seguridade, os laboratorios químicos e farmacéuticos (tranquilizantes, antidepressivos...) e tamén os partidarios de priorizar nos presupostos públicos os gastos de defensa (e ataque), a investigación e tecnoloxía militar, as policíaas de todo tipo, públicas e privadas, os centros penitenciarios, cámaras de vixilancia, controis... mentres que, polo contrario, o gasto social diminúe, o estado de benestar retrocede, especialmente na sanidade, na atención e coidado dos maiores, a educación, a formación, a investigación, a escola pública... en beneficio de políticas de privatización crecentes.

Estes dous modelos contrapostos na priorización dos gastos públicos estarían tamén en relación coas distintas maneiras de afrontar os conflitos nos centros educativos. Para algúns, o método máis eficaz estaría en reforzar a disciplina, a autoridade, as sancións e os castigos, a vixilancia, os controis, as reixas, as expulsións... é dicir, incidir, fundamentalmente, sobre as manifestacións externas, obviando, con carácter xeral, as causas, a etioloxía, esquecendo a educación e a prevención, como si a escola fose algo á marxe da sociedade e das familias.

Desde logo que o sentido común indica que diante de casos concretos de pandillismo, ameazas, abusos, non digamos xa de agresións verbais ou físicas, ou de comportamentos violentos de todo tipo... nun colexio ou nun instituto, a resposta das autoridades educativas, do profesorado, dos pais e das nais, dos órganos colexiados do centro, non pode ser, loxicamente, mirar para outro sitio. Compre intervir de inmediato, (xa que non se fixo con anterioridade a que estalara o conflito), desde a perspectiva

dun centro educativo, é dicir, educativamente, aplicando, no seu caso, a normativa vixente de carácter disciplinario, mais coa vista posta sempre na modificación das conductas, comportamentos, actitudes e valores, para o que non resulta suficiente coa imposición de medidas sancionadoras. Con demasiada frecuencia tendemos a saltarnos os primeiros pasos no desenvolvemento dun conflito, actuamos cando estala, como bombeiros, esquecemos a prevención e a educación.

Mesmo moitos pais e nais defenden, protexen ou lexitiman o comportamento irregular dos seus fillos e fillas, confrontan as decisións acordadas colexiadamente, e logo confesan, en privado, que non conseguen controlar ou simplemente entender ós seus fillos e fillas adolescentes. Familias en dificultades, desestructuradas, marxizadas explican moitos dos conflitos. Non todos é verdade. Sen embargo, probablemente, moitas razóns deberíamolas buscar no pasado, na ausencia de criterios e de límites preventivos, nas idades máis temperás, nesa cantidade de anos declinando ou desviando responsabilidades familiares, na incomunicación, no alonxamento progresivo, na falla de afectos e de cariño... ou, pola contra, no consentimento máximo, no proteccionismo desmedido, desde a óptica de que, nas nosas sociedades, os nenos e as nenas son un ben escaso. Como afirma o vello dito, daqueles ventos, estas tempestades...

Precisamente por iso facemos tanto fincapé na prevención, na previsión, na familia, na escola, por iso é tan relevante a educación nos valores cívicos e democráticos (liberdade, tolerancia, xustiza, solidariedade, respecto, responsabilidade, interculturalidade, esforzo, amor, protección do medio natural...), na cultura da paz, cada día e tódolos días, e non tanto con palabras e con sermóns, senón con feitos, co exemplo, por medio de xogos e de dinámicas de aula, apelando esencialmente ós afectos e ós sentimentos, ás emocións, evitando contradicións entre o que dicimos e o que facemos, e todo isto non pode ser responsabilidade exclusiva da escola e do profesorado. Compre implicar a toda a sociedade, de maneira especial, ós medios de comunicación, que tanta importancia teñen na difusión de contravalores (abuso de poder, machismo, parasitismo, racismo, violencia, inxustiza, vinganza, inmoralidade, mentira, intolerancia...)

Desde logo que pola escola pasan tódalas persoas, tamén os maltratadores e as maltratadas, os violentos, agresivos, psicóticos... polo que sempre poden existir casos puntuais de violencia imposibles de evitar. Sen embargo, a prevención, a creación de climas e atmosferas cooperativas, sensibles co sufrimento, empáticas, a adicación de tempos e de recursos á formación en valores, a fomentar a convivencia, a transformar conductas, a resolver pacificamente conflitos... segue a ser o camiño máis útil e rendible desde o punto de vista educativo.

Ben sei que o profesorado, en moitos casos, está preocupado con estes temas, que fai esforzos, moitas veces voluntaristas, con poucos apoios, en circunstancias complexas, para mellorar o clima escolar, a contracorrente, sen recoñecemento social, por iso resulta imprescindible facilitarlles, de verdade, o acceso a técnicas e métodos que non tiveron na súa formación inicial, recursos para contrarrestar os contravalores que están na sociedade, nas imaxes, no cine, na televisión, nos medios de comunicación escritos, na publicidade, nos videoxogos, nos debuxos animados..., e nas familias, por iso non podemos -con hipocrisía- responsabilizar unicamente á escola e ó profesorado do que é un fracaso social.

Traballar sistematicamente a educación para a paz, como eixe transversal obrigatorio do currículo, non pode limitarse a celebrar o día escolar pola paz, o día dos dereitos humanos, o día da muller... efemérides sen dúbida necesarias pero non suficientes. O profesorado, o sabemos moi ben, traballa a medio ou a longo prazo. Os nosos horizontes temporais non coinciden coa inmediatez periodística nin coa fugacidade mediática. Por iso estamos obrigados a deseñar proxectos educativos de centro e de aula de carácter permanente, fundamentados teoricamente, cunha perspectiva temporal dilatada, si queremos realmente modificar actitudes e promover aprendizaxes que permitan ó noso alumnado aprender a manexar técnicas e dinámicas de resolución pacífica de conflitos, e temos que facelo mesmo a contracorrente, co ventíño de cara, pensando en que a única semente que non fructifica é aquela que non sementamos.

Pero non só na escola, para non lamentarnos...

Manuel Dios Diz é presidente do *Seminario Galego de Educación para a Paz*.